

## DECRETO

**Expediente núm.:** 3031/2021

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

### FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vista a acta de constitución do Tribunal encargado de xulgar as probas para cubrir en propiedade, mediante oposición libre, unha praza de Enxeñeiro Técnico Agrícola, na que se indica:

*"Ao respecto do temario, o señor Vázquez Cores advirte da omisión de dous temas entre os números 51 e 54, de maneira que, ao non alcanzarse o mínimo de 60 regulamentariamente exixido para o ingreso a prazas do grupo A2, habería unha causa de posible anulación, e xurde a dúbida de continuar ou suspender o proceso selectivo con retroacción das actuacións á fase de aprobación dun temario completo.*

*Tras unha breve deliberación, o tribunal acorda por unanimidade dirixirse á Alcaldía para comunicarlle a dita circunstancia e solicitarlle un pronunciamiento motivado e por escrito acerca das medidas que estime oportuno adoptar."*

Visto o escrito desta Alcaldía de data 12 de xaneiro de 2024, mediante o que se comunica ao Tribunal encargado de xulgar as probas que se considera axeitado continuar co proceso selectivo.

Visto que o erro ven motivado porque se incluíu no tema número 45 o contido que debería de figurar distribuído en 3 temas.

### RESOLUCIÓN

Primeiro.- Proceder a reenumerar os temas que abarcan do número 45 ao número 54, quedando do seguinte xeito:

45.- A calidade de produtos agrarios e agroalimentarios. Concepto e factores que a definen. A calidade regulamentada: normativas europeas, estatais e autonómicas.

46.- O Plan nacional de control oficial da cadea alimentaria e o control da calidade alimentaria. Control voluntario: organismos de certificación.

47.- As denominacións de calidade. Regulamentación europea, estatal e autonómica. Obxectivos e requisitos. Situación en Galicia: denominacións existentes, evolución e perspectivas.

48.- O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

49.- A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega. Principios xerais. Dereitos e deberes dos operadores alimentarios. Figuras da promoción da calidade alimentaria. O Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

50.- A Producción Ecolóxica. Caracterización da produción ecolóxica en España, evolución y desenvolvemento. Normativa. O seu control en España. A produción integrada. Características, normativa e evolución.

51.- Asociacionismo agrario. Cooperativas, SAT e outras formas asociativas. Importancia social e económica. Referencias ao asociacionismo español e da Unión Europea.

52.- Características do abastecemento e subministro de augas potables. A auga na industria. Depuración de augas residuais en municipios. Breve descrición. Tratamiento.

53.- Resíduos sólidos urbanos. Xestión e tratamento. Reciclase. Aproveitamentos. Xestión municipal.

54.- Normativa legal de edificación e instalacións agropecuarias en Galicia. O deseño de instalacións e construcións agrarias e agroalimentarias en Galicia. Tipos.

Segundo.- Publicar a presente Resolución no Taboleiro de anuncios, na web municipal e dar traslado da mesma aos aspirantes á praza convocada.

Así mándao e asínao a Sr.. Alcalde, na Estrada do que da fe a Secretaria.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 3FKA35C0WYZ4NCYDK4S9NCNLEA  
Corrección: <https://ae.estrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

